



COSTA DE MAÑÓN

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2019



Distancia: 32 km, circular desde Pontes do Sor, vindo pola estrada desde a Vila de Bares.

-35 km, vindo pola garita

Dificultade: media

A costa de Mañón esténdese entre dúas rías, aos dous costados do cabo de Bares, ao longo da beira esquerda da ría do Barqueiro, e o exterior da beira dereita da ría de Ortigueira. É unha costa rochosa de cantís que caen en vertical cara a costa máis exposta e con pendentes máis suaves cara á ría do Barqueiro que é onde se atopan tamén os poucos abrigos cos que conta. Na costa exterior ten ademais a saída ao mar do río do Esteiro ocupada en grande parte por un fermoso areal. É unha zona de terreo exposto e de grandes desniveis polo que se atopa case despoboada a non ser no Barqueiro, punto de paso do río Sor, na pequena chaira da vila de Bares e no abrigo do Porto de Bares, polo que non hai camiños para poder percorrela e os poucos que hai están abandonados ao non cultivárense as leiras.



As principais actividades son a pesca, o marisqueo, os servizos e a agrogandaría.

É unha costa cunha natureza espléndida con importantes valores paisaxísticos, xeolóxicos e biolóxicos. Conta tamén cun rico patrimonio etnográfico (muíños hidráulicos e de vento, portos pesqueiros con embarcacións tradicionais, casas mariñeiras...) e histórico-artístico (porto de Bares, pontes, igrexas...).

Está protexido no LIC e Sitio de Interese Nacional “Estaca de Bares” e na ZEPA Espazo Mariño Candieira, Ría de Ortigueira, Estaca de Bares.



Estaca de Bares



Ría do Barqueiro



RÍA DO BARQUEIRO

Ábrese entre as puntas de Embarcadoiro e Bares. Ten dous tramos ben definidos, o esteiro do Sor, máis pechado e pouco influído polo mar (agás as mareas), con abundantes sedimentos que quedan ao descuberto ao debalar o mar, e a parte que vai desde o porto de Barqueiro, ata a boca da ría, máis aberta e profunda. É unha ría de beiras escarpadas, con cantís, máis altos entre O Vicedo e Punta Cabeiro (na parte oriental) e nas puntas Almeiro e do Santo. As rochas dominantes son granitos resistentes, con abundante seixo, e no esteiro aparecen tamén cuarcitas, lousas e gneis. Na banda oriental da ría aparecen algunhas bandas de ollo de sapo.



RÍO SOR

As súas cabeceiras son o Xantos (que nace no Pico Montouto) e o Tras da Serra co Batán e Solloso, que nacen no Alto de San Xoán. Recolle as augas da Gañidoira e das serras da Faladoira e Coriscada. Corre bastante rápido e encaixado ata preto da desembocadura onde forma un amplo esteiro na ría do Barqueiro, despois de 49 km.



ZEPA ESPAZO MARIÑO CANDIEIRA, RÍA DE ORTIGUEIRA, ESTACA DE BARES

En augas do océano Atlántico, ao norte de Galiza. Ocupa gran parte de la plataforma continental fronte á costa que vai desde a punta Candieira ata a Estaca de Bares



RÍA DE ORTIGUEIRA

É a maior das Rías Altas, con 12 km de lonxitude, de forma moi sinuosa e recortada, con moitos entrantes. Ábrese entre o Cabo Ortegal e a punta de Estaca de Bares. A parte interior está ocupada por marismas e a exterior por praias e cantís rochosos. A nivel xeolóxico é unha zona moi complexa onde converxen distintas formacións: a parte central e oriental comprende o dominio Ollo de Sapo, no sur hai unha faixa de xistos, e a zona Oeste está ocupada polas rochas ultrabásicas da Capelada.



LIC ESTACA DE BARES

Abrangue a zona comprendida entre a praia do Eirón en Espasante e a Punta Almeiro en Bares.

A maioría da costa é rochosa con altos cantís entre os que se atopan algunhas praias como as de Esteiro, Sarridal e Picón. É unha área de grande interese paisaxístico, xeolóxico e ecolóxico.

PERCORRIDO

Propoñemos unha ruta completa pola península de Bares (costa de Mañón), que se pode facer dunha vez ou por tramos, depende do que queiramos deternos en cada lugar. Desde as **pontes do Sor** collemos o camiño que sae á dereita da estradiña e vai paralelo á vía do tren para baixar logo ao **porto do Barqueiro**, ou se a marea está baixa facelo á **praia da Arnela** e pasar dela ao porto pola beira do mar. Visitado o porto collemos a primeira rúa cara arriba e nela o primeiro desvío á dereita que nos incorpore a unha rúa que se achega ao mar pola parte alta da localidade. Saíndo do pobo camiñaremos un pouco paralelos ao mar ata onde a estrada se bifurca, aí temos que coller a da esquerda e por ela, polo medio dos eucaliptos, chegamos a outra estradiña pola que colleremos á dereita e seguiremos ata o seu remate ao pé da **punta do Castro** e a **praia de Vilela**. Antes de chegar á estrada que nos leva á punta do Castro e á praia de Vilela atopamos un desvío á dereita de terra e, un pouco por el e outro pouco por un carreiro non moi doado, podemos achegarnos á **baliza da punta do Santo**. Despois de darlle unha volta á punta do Castro e de achegarnos ás praias que hai ao seu pé e aos cantís, entramos na praia de Vilela. Máis ou menos na metade da praia onde desauga, cando corre, un regato hai un carreiro polo que se pode subir ata un camiño que nos leva ao pé dunha casa. Da casa sae cara arriba unha estradiña e xa temos á esquerda un camiño que sube, por el imos ata que se xunta a outro que fai zigue zagues para remontar a aba, alí collemos á esquerda para subir a Campelo. En Campelo por debaixo do lugar seguimos por un camiño que se mantén no nivel ata chegar a outro no que collemos á dereita e un pouco máis adiante de novo á dereita, baixando por el atoparemos outro desvío á dereita que nos achega ao mar para saírmos á **praia de Bares**. Pola praia, se a marea está baixa, podemos ir ata o **porto de Bares**, se non temos que facelo polo paseo e pola estrada que vai da praia ao Porto de Bares. Desde o porto de Bares podemos darlle a volta á península saíndo do peirao pola estrada da dereita para subir ao **semáforo** e desde alí baixar ao **faro** e á **punta da Estaca** e desde a estaca volvemos cara a **Vila de Bares**. Desde a vila, por camiños medio abandonados, podemos achegarnos ao **muíño de vento** e polas leiras aos de auga que se ven desde a estrada do faro, tamén desde a parte alta da Vila saen camiños que rodean e suben ao **Facho da Maeda** e á **garita de vixía**, desde onde hai boas panorámicas dos 360º da contorna, para seguir polos cumes e baixar logo preto da mina ata achegarse ás antenas e polo pé delas saír preto do colexio. Baixando ao pé do colexio imos dar á estrada de acceso á **praia do Esteiro**, que ben merece unha visita igual que a **punta Herbosa** e os seus illotes. Desde alí polo camiño da ida volvemos ao **Barqueiro** e rematamos o percorrido.



Praia de Esteiro



Praia de Esteiro e puntas Herbosa, Torrente e Maeda





Punta Herbosa



O Torrente



Vista desde O Torrente




Calexón de Miguel



Punta Maeda



Punta Maeda



Monte Facho da Maeda.
No cume consérvase unha antiga garita de vixía da costa.
Desde os cumes hai vistas sobre toda a contorna, cara ás
rias de Ortigueira e O Barqueiro e a Estaca de Bares.




Vista dos cantís ata a punta dos Castelos



7-Cuncha da Dorna



Cuncha da Dorna



Muíños aproveitando un rego que cae nos cantís da Cuncha da Dorna



Muíño de vento



Cantís en Bares






Punta Estaca de Bares



9-O Estaquín



A Estaca de Bares é o punto máis ao Norte da Península Ibérica. Está formada maioritariamente por rochas graníticas que forman cantís de ata 200 m, e varios illotes. A erosión orixinou unha paisaxe granítica de bolos. Na zona aparece unha parte do dominio do gneis glandular Olo de Sapo e formacións de gabros.



Faro e punta de Estaca de Bares.



Estación omitolóxica e muíño



A Marufa



Forma típica de erosión dos granitos de Bares. Prodúcese en granitos que sufriron unha forte descompresión no momento da súa formación, o que ocasionou a formación de diferentes capas.



Cabo de Bares. Semáforo.



Porto, praia e Coído de Bares

O Porto de Bares data da Idade do Bronce (século VII a. C.) e posibelmente sexa de orixe fenicia ou romana. A escolleira está formada por grandes pelouros de granito (diorita) sen labrar. Na zona apareceron tamén restos de ánforas, moedas de Caracalla e unha necrópole romana (Cancela da Coxa de Arcos). No século XIII houbo unha factoría baleeira.



Coído de Bares. A partir dun depósito natural de bloques redondeados pola erosión mariña as distintas civilizacións foron dándolle forma a este curioso abrigo.



Península de Bares, desde o Cabo de Bares ata a punta de Campelo



Praia de Bares





Praia de Bares



Punta do Almeiro




Punta de Campelo, entre as punta do Castro e do Almeiro



Praia de Vilela



Punta do Castro



Praias na punta do Castro



Punta do Santo e baliza.



Costa do Barqueiro



Vila e porto do Barqueiro



Praia do Barqueiro (Amela)



Costa do Barqueiro no esteiro do Sor



Río Sor

Ría do Barqueiro desde o alto de Bares